

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO DE LINGUA  
CASTELÁ E LITERATURA**

**CURSO 2022-2023**

**CPI CABO DA AREA (LAXE)**

# ÍNDICE

- 1. Introducción e contextualización**
- 2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave**
- 3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais**
  - 3.1. 2º ESO**
  - 3.2. 4º ESO**
- 4. Obxectivos didácticos**
  - 4.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria**
  - 4.2. Obxectivos xerais da materia de Lingua castelá e Literatura para a ESO**
  - 4.3. Concreción de obxectivos por curso**
    - 4.3.1. 2º ESO**
    - 4.3.2. 4º ESO**
- 5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación**
  - 5.1. 2º ESO**
    - 5.1.1. Secuencialización e temporalización**
  - 5.2. 4º ESO**
    - 5.2.1. Secuencialización e temporalización**
- 6. Concrecións metodolóxicas que require a materia**
  - 6.1. Principios metodolóxicos xerais**
  - 6.2. Didáctica de aspectos concretos da área de Lingua castelá e Literatura**
  - 6.3. Estratexias metodolóxicas**
- 7. Materiais e recursos didácticos**
- 8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado**
  - 8.1. Criterios de avaliación**
    - 8.1.1. Criterios de avaliación en 2º ESO**
    - 8.1.2. Criterios de avaliación en 4º ESO**
  - 8.2. Criterios de cualificación**
    - 8.2.1. Criterios de cualificación en 2º ESO**
    - 8.2.2. Criterios de cualificación en 4º ESO**

### **8.3. Criterios de promoción do alumnado**

**8.3.1. Procedemento de recuperación das avaliacións pendentes previo á celebración da avaliación final ordinaria**

**9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensinanza e a práctica docente**

**10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes**

**11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados**

**12. Medidas de atención á diversidade**

**13. Elementos Transversais. Concreción en cada curso**

**14. Actividades complementarias programadas polo Departamento**

**15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

## **1. Introducción e contextualización:**

Esta programación, pertencente ao Departamento de Lingua castelá e Literatura, foi deseñada tendo en conta os trazos principais do centro no que se vai desenvolver ao longo do curso. O C.P.I. Plurilingüe Cabo da Area, situado no concello de Laxe (A Coruña), constitúe un Centro Público Integrado no que conviven Educación Infantil, Primaria e Secundaria, aspecto que lle facilita ao alumnado a transición dunha etapa a outra.

O centro, dunha única liña este curso en todos os niveis da ESO, acolle un número moi reducido de estudantes na etapa de secundaria (72) e conforma así un espazo idóneo para ofrecer ao alumnado unha atención individualizada e persoal.

Este é o reparto de grupos do alumnado:

- 1º curso: 1 grupo (15 alumnos)
- 2º curso: 1 grupo (18 alumnos)
- 3º curso 1 grupo (22 alumnos)
- 4º curso: 1 grupo (17 alumnos)

É un alumnado procedente dunha contorna rural; en certa maneira, illado dos núcleos urbanos máis próximos e no que predominan as actividades económicas derivadas do sector primario (pesca e agricultura), así como as do sector terciario en época estival. O perfil destes alumnos ofrece trazos moi positivos, coma o seu comportamento ou a boa disposición xeral que finalmente teñen á hora de participar nas actividades que se lles propoñen, malia que nun comezo lles custe aceptar a novidade e presenten un hábito de estudo baixo. A meirande parte do alumnado ten o galego como lingua nai e en poucas ocasións emprega o castelán como idioma vehicular. Por este motivo, o Departamento de Lingua castelá e Literatura, como parte constitutiva dun centro plurilingüe, ten como obxectivo primordial mellorar a competencia oral e escrita en castelán do alumnado, pouco habituado a expresarse neste idioma.

A programación ten catro obxectivos básicos:

- 1- Ser a ferramenta para a preparación do traballo do Departamento.
- 2- Reflexionar sobre a práctica docente.
- 3- Xestionar e avaliar os procesos de aprendizaxe dos alumnos.
- 4- Establecer os criterios de avaliación do alumnado.

Para comezar a programar é necesario ter claro o contexto lexislativo sobre o que se fundamenta a práctica docente. Neste caso, as referencias lexislativas son as seguintes:

1. Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
2. Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria e o Bacharelato.

3. Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato en Galicia.
4. Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro do 2015).
5. Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato e regúlase o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
6. Orde do 13 de xullo de 2016 que amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, e regúlase o seu currículo e oferta.
7. Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xullo, da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Real Decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato, a Formación Profesional e os ensinos de réxime especial, á formación inicial do profesorado e ás especialidades dos corpos docentes de Ensino Secundario.
9. Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.
10. Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Ademais desta lexislación, para a elaboración da programación, tivéronse en conta o Proxecto Educativo de Centro e as decisións adoptadas no departamento.

Seguindo o Real Decreto 1105/2014, o currículo das diferentes materias deséñase tendo en conta os obxectivos de etapa e as competencias clave que se van a desenvolver ao longo da

mesma. Establécense bloques de contido nas materias troncais e criterios de avaliación xunto a estándares de aprendizaxe avaliábeis, que serán o referente para a planificación da concreción curricular e a programación didáctica.

Desde a área de Lingua castelá e Literatura, preténdese ampliar a capacidade comunicativa do alumnado, tanto na súa vertente oral como escrita, xa que a lingua é o vehículo de comunicación e interacción social, así como un medio de transmisión de coñecementos. Grazas a ela, descubrimos a cultura, a literatura; ademais de que constitúe o signo de identidade dun pobo.

A linguaxe é tamén un instrumento de aprendizaxe do resto das áreas e ten un papel fundamental no desenvolvemento integral da persoa, nas súas relacións consigo mesma e cos demais e na súa forma de entender e explicar o mundo.

Tal como expón o currículo da área de Lingua castelá e Literatura, un obxectivo básico do ensino desta materia na Educación Secundaria Obrigatoria ha de ser que os alumnos progresen no emprego do idioma, con precisión e riqueza de recursos lingüísticos, tanto nos aspectos do seu uso oral, como nos do escrito, e tamén na lectura. Consecuentemente, a didáctica estará dirixida a afianzar as catro destrezas instrumentais da lingua: escoitar, falar, ler e escribir. Será necesario tamén facer fincapé desde a nosa área no desenvolvemento da expresión oral. Trátase, pois, nesta etapa, de enriquecer a linguaxe, no dobre proceso de comprensión e de expresión, e de avanzar na educación literaria. Tomando como base esta formulación, o estudo da linguaxe deberá realizarse atendendo ás súas diferentes facetas, tentando desenvolver e fomentar a capacidade comprensiva e expresiva, tanto na lingua oral como na escrita, o coñecemento dos fundamentos gramaticais da nosa lingua, o aprecio pola nosa realidade plurilingüe e a consideración da lectura e a escritura como unha fonte de pracer, de información e de saber.

### **Composición do Departamento para o curso 2022-2023:**

O seminario de Lingua castelá e Literatura do CPI Cabo da Area, de Laxe, para este curso 2022-2023, está composto unicamente pola profesora Ana María Porteiro Chouciño, que exerce tamén a función de xefa do departamento, e imparte a materia de Lingua castelá e Literatura nos catro cursos da ESO, integrados por un grupo en cada nivel educativo.

<b>NIVEL -CURSO</b>	<b>MATERIA</b>	<b>GRUPOS</b>	<b>SESIÓNS</b>
ESO-1	LCL1	1	3
ESO-2	LCL2	1	3
ESO-3	LCL3	1	3
ESO-4	LCL4	1	3

## 2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave:

O decreto 86/2015 do 25 de xuño no seu artigo 2, apartado 3B, sinala as competencias como un dos elementos do currículo, definíndoas como as “capacidades para aplicar de maneira integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. No seu artigo 3, especifica que serán sete as competencias que han de alcanzarse:

1. Competencia lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A propia concepción do currículo desta materia, ao poñer a énfase no uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos, fai evidente a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Cabe destacar que as estratexias que constitúen a **competencia comunicativa** adquirense desde unha lingua determinada, pero non se refiren exclusivamente a saber usar esta lingua, senón ao uso da linguaxe en xeral. Esa característica da aprendizaxe lingüística ten unha gran importancia, xa que as aprendizaxes que se efectúan nunha lingua aplícanse á aprendizaxe doutras, cuxo coñecemento contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente coas **competencias básicas de aprender a aprender e coa de sentido de iniciativa e espírito emprendedor**. A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e está na base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse cun mesmo, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión. En suma, regula e orienta nosa propia actividade con progresiva autonomía. Por iso, o seu desenvolvemento e a súa mellora desde a área contribúe a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos, a regular emocións favorecendo o desenvolvemento de ambas as competencias.

A materia contribúe á **competencia dixital** despois de que proporciona coñecementos e destrezas para a procura, selección, tratamento da información e comunicación, en especial, para a comprensión da devandita información, da súa estrutura e organización textual, e para a súa utilización na produción oral e escrita. O currículo da área inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, o que significa algo máis que un cambio de soporte, xa que afecta as operacións mesmas que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión...) e que constitúen un dos contidos básicos desta materia. Por iso, na medida en que se utilicen, está a mellorarse á vez

a competencia dixital. Pero, ademais, os novos medios de comunicación dixitais que xorden continuamente implican un uso social e colaborativo da escritura, o que permite concibir a aprendizaxe da lingua escrita no marco dun verdadeiro intercambio comunicativo.

A lingua contribúe poderosamente ao desenvolvemento da **competencia social e cívica**, entendida como habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto, a superación de prexuízos e o entendemento entre as persoas, xa que necesariamente a súa adquisición require o uso da lingua como base da comunicación. Aprender lingua é, ante todo, aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten, a tomar contacto con distintas realidades e a asumir a propia expresión como modalidade fundamental de apertura aos demais. Por outra banda, na medida que unha educación lingüística satisfactoria valora todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, analiza os modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorias da linguaxe está a contribuírse ao desenvolvemento desta competencia.

Ademais de recoñecer a propia lingua como elemento cultural de primeira orde, nesta área, a lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen ao desenvolvemento da **competencia da conciencia e as expresións culturais**.

Ademais, a materia tamén contribúe á **competencia matemática e ás competencias básicas en ciencias e tecnoloxía**, posto que a análise sintáctica e morfolóxica, así como o estudo das estruturas textuais, fomentan o razoamento lóxico e analítico tan afín ao matemático. Igualmente, non debemos esquecer que o estudo de textos de temática diversa achéganos a calquera área científica, desde as matemáticas á bioloxía ou a calquera outra.

Polo tanto, a través da materia Lingua castelá e Literatura, contribuírase ao desenvolvemento das competencias clave na formación do alumnado do seguinte xeito:

### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

- Ser capaz de compoñer textos respectando os niveis de organización da lingua e as normas ortográficas do sistema.
- Ser capaz de empregar adecuadamente os tempos e modos verbais nas súas producións orais e escritas.
- Escribir textos que respecten o uso dos conectores para contribuír a dotalo das propiedades da coherencia e cohesión.
- Ser quen de respectar as categorías gramaticais no proceso de produción de textos.
- Ser capaz de empregar correctamente las grafías nos textos escritos, as regras de acentuación e os signos de puntuación.
- Elaborar textos narrativos, descritivos e dialogados inspirados en lecturas modelo.
- Ser capaz de estruturar coherentemente unha trama ou un texto.



- Ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais e escritas que se intercambian en situacións comunicativas diversas.
- Ser capaz de mellorar a competencia comunicativa empregando a lectura como fonte de pracer, de descubrimento doutros entornos, idiomas, culturas, de fantasía e de saber.

### **Competencia para aprender a aprender (CAA)**

- Ser capaz de obter información individual ou grupal e transformala en coñecemento propio, integrándoa cos saberes previos e coa experiencia persoal, aplicando os novos coñecementos en situacións parecidas e contextos diversos.
- Ser quen de sistematizar os erros orais e aprender deles.
- Ser capaz de analizar diferentes preguntas, identificando unha diversidade de respostas posibles ante unha mesma situación.
- Manexar de xeito eficiente un conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual coa manifestación de pensamento estratéxico.
- Identificar e plantexar problemas relevantes, formular preguntas e obter respostas.

### **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

- Ser quen de desenvolver o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.
- Ser capaz de aplicar técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redactar borradores de escritura.
- Ser quen de intervir en actos comunicativos.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar doutros, valorar as ideas dos/as demais, dialogar e negociar; empregar a linguaxe para dar a coñecer as propias decisións nun traballo cooperativo e flexible.
- Aplicar as habilidades de pensamento diverxente e traballo colaborativo.
- Reelaborar os plantexamentos previos ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

### **Competencia dixital (CD)**

- Ser capaz de identificar as diferentes ferramentas e recursos das novas tecnoloxías na produción, análise e estudo dos diferentes tipos de textos.
- Ser quen de escribir en diversos medios dixitais: blogs, correo electrónico, etc.
- Seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas diversas (utilizando dicionarios, e recursos das bibliotecas).

### **Competencia social e cívica (CSC)**

- Ser quen de respectar as regras dos debates.
- Ser capaz de comprender a aportación que as diferentes culturas fixeron na evolución e progreso da humanidade sen que iso implique a perda de identidade local.

- Ser capaz de comunicarse e relacionarse en distintos contextos, expresando as propias ideas e escoitando as alleas e respectando a diversidade lingüística do grupo.
- Comprender de maneira crítica a realidade sendo consciente das diversas perspectivas ó analízala, empregando o diálogo para mellorar colectivamente o seu entendemento.
- Identificar preguntas ou problemas e obter conclusións baseadas en probas.
- Comprender e tomar decisións sobre o mundo físico.

### **Competencia conciencia e expresión cultural (CCEC)**

- Ser capaz de escribir textos que respecten as características definitorias de cada xénero literario.
- Ser capaz de falar dos libros que le e compartir impresións.
- Ser quen de seleccionar diferentes recursos retóricos que contribúan á composición de textos literarios, aportando un estilo propio de expresión.
- Coñecer diferentes manifestacións culturais e artísticas, empregalas como fonte de enriquecemento e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.
- Ser quen de ler obras literarias e manifestar os seus gustos e afeccións.
- Identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a sociedade- a mentalidade e as posibilidades técnicas da época na que se crean-, ou coa persoa ou colectividade que as crea.
- Ser quen de utilizar a súa propia capacidade estética e creatividade na redacción de textos persoais.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

- Ser quen de interpretar, explicar e deducir a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas.
- Ser quen de realizar esquemas e mapas, e explicar por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.
- Dominar e ser quen de discriminar linguaxes específicas básicas (textual, numérica, icónica, visual, gráfica) e as súas pautas de decodificación e transferencia.

En definitiva, e tras a análise dos estándares e as competencias básicas que se traballan en cada un deles, mostramos na seguinte táboa o número de estándares traballados en cada curso e a porcentaxe correspondente a cada competencia, determinando o perfil competencial da área.

### **Táboa do perfil competencial da materia**

Cursos	Estándares totais	Número de estándares nos que se traballa cada competencia													
		CCL		CMCCT		CD		CAA		CSC		CSIEE		CCEC	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
1º ESO	31	15	48,38	2	6,45	6	19,35	4	12,9	5	16,12	3	9,67	5	16,12

2º ESO	50	29	58	3	6	4	8	6	12	6	12	2	4	6	12
3º ESO	61	37	60,65	1	1,64	4	6,55	8	13,11	6	9,84	2	3,28	6	9,84
4º ESO	105	70	66,66	3	2,86	7	6,66	19	18,09	10	9,52	3	31,5	5	4,76
TOTAL ESTÁNDARES ESO	247	151	61,13	9	3,64	21	8,5	37	14,98	27	10,93	10	4,05	22	8,90

Como se pode apreciar na táboa, a competencia máis traballada na materia de Lingua castelá e Literatura é a lingüística (CCL), cunha porcentaxe total do 61,13 na ESO. Vai seguida da competencia de aprender a aprender (CAA) e da social e cívica (CSC); ocupando os últimos postos a competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT) e a de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

### 3. Relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciais

#### 3.1. 2º ESO

#### LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO

1ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados / Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Ca d Cla	Rú Bri ca	Obs.	
1	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%								EOE
			CCL	▪ LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	50%								EOE
			CCL	▪ LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%								EOE
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.	100%								CL
			CCEC	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC
			CAA	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								EOE
			CCL CSC	▪ LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%							EMP	
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	75%		X						EOE
2	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%	X							EOE
			CCL	LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	50%								EOE
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%								EOE
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%			X					EC
			CCEC	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC
			CAA	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								EOE
			CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	60%				X			EMP	
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%							EOE	
3	B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%	X							EOE
			CCL	LCLB3.1.2. Recoñece e corrige erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	50%								EOE
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%								EOE
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%								EC
			CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC
			CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								EOE
			CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%							EMP	
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%							EMP	
4	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%								EOE
			CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	50%								EOE
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%								EOE

B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%																EC		
		CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%																	EC	
		CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%																		EOE
		CCL	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%																		EMP
		CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%																		EOE

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2ºESO

2ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV												
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Rú Bri ca	Obs.													
5	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%	X															EOE				
			CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%																		EOE		
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%																			EOE	
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%																	CL		
				CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%																		EC	
				CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%																			EOE
				CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%																			EMP
				CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%		X															EC		
	B4.1	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%																	EOE		
				CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%																		EOE	
CCL				LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%																			EOE	
B4.1		B4.1 B4.2 B4.3	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%																		CL	
				CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%			X															EC	
				CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%																			CL
				CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%					X														EMP
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%																	EOE			
B4.1	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%	X																	EOE		
			CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%																			EOE	
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%																				EOE
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%																		CL	
				CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%																			EC
				CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%																			
			CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%																		EMP		
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%																		EOE		
8	B3.1	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%																	EOE			

B3.2		CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%								
		CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.	100%								
B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%								EMP
		CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC
		CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								CL
		CCL	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%								EMP
		CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%								EOE

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2º ESO

3ª Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e Identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv. CL EOE CA TIC EMP EC PV
						Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Ca d Cla	Rú Bri ca	Obs.	
9	B3.1 B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%								EOE
			CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.									
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.									
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%								EC
			CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%			X					EC
			CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								CL
			CCL	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%		X						EMP
		CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%							EOE		
10	B3.2	B3.1	CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.	100%								EOE
			CCL	▪ LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.									
			CCL	LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.									
	3.7	B3.6	CCL	LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.									
B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%								EC	
		CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC	
		CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								CL	
		CCL	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%								EC	
		CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%								EOE	
11	B3.7	B3.6	CCL	LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais.	100%	X							EOE
	B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%								CL
			CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%								EC
			CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%								CL
			CCL	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%								EC
			CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%		X						EOE
12	B3.9	B3.8	CSC	LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.	75%							EC	

B4.1	B4.1 B4.2 B4.3	CCL	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses	100%															CL	
		CCEC	▪ LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).	50%																EC
		CAA	▪ LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.	50%																CL
		CCL CSC	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	100%																EMP
		CCL	LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	50%																EOE

## LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 2ºESO

Todas Aval

Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

Temas transversais

Tema/UD	Identif. contidos	Identif. Criterios Aval.	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe e identificación	Grao mínimo consec.	Instrumentos							Temas transv.							
						Prob .esc.	Prob oral	Tra b ind	Tra b grup	Ca d Cla	Rú Bri ca	Obs.								
B1.1	B1.1	CCL	▪ LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/ educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante.	100%															CL	
		CCL	▪ LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	100%	X															CL
		CCL	▪ LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.	100%																CL
B1.2		CCL	▪ LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.	100%																CL
		CCL	▪ LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.	100%																
		CCA	▪ LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).	100%																EMP
		CCL CAA	▪ LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	100%	X															EOE
B1.3	B1.3	CCL CSC	LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.	50%														EC		
B1.4	B1.4	CSIE	▪ LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	50%															EOE	
		CD	▪ LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.																	
		CAA	▪ LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.	25%															EOE	
B1.5	B1.5	CCL	▪ LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.	25%		X													EOE	
		CSC	▪ LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	25%															EOE EMP	
		CCL	▪ LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	50%															EOE	
		CCL	▪ LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	50%															EOE	
B1.6 B1.7	B1.6	CSC	▪ LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios.	25%															EOE	
			▪ LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.	50%																EC PV
B2.3	B2.3	CD	▪ LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	50%				X											EOE CA	

















## **4. Obxectivos**

### **4.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria**

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de xuño (D.O.G. 29 de xuño de 2015), no seu artigo 10, a ESO debe contribuír a desenvolver no alumnado aquelas capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, en lingua galega e en lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propia e doutras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

#### **4.2. Obxectivos xerais da materia de Lingua castelá e Literatura na ESO**

Os obxectivos desta materia para a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria son:

1. Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.



2. Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.

3. Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.

4. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

5. Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.

6. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.

7. Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

8. Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.

9. Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

10. Aproximarse ao coñecemento das mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

11. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

formación a facerlle chegar ao alumnado unha serie de coñecementos lingüísticos e literarios, senón a dotalo duns recursos persoais e intelectuais e duns valores que lle faciliten a integración o seu contexto social, é dicir, a súa socialización. A actividade escolar debe esforzarse, polo tanto, na transmisión de coñecementos e en que o alumnado asuma os valores propios da sociedade democrática na que vive. Fronte a uns coñecementos memorísticos e repetitivos, carentes de significado, preséntanselle outros cercanos aos seus intereses vitais que pretenden favorecer a súa capacidade comunicativa nunha complexa realidade social (a interdisciplinabilidade nas distintas áreas de coñecemento curricular é fundamental para este obxectivo). Deste xeito, a motivación e as aprendizaxes útiles e significativas convérsense en principios.

É esencial que o alumnado participe activa e, progresivamente, na construción do seu propio coñecemento (débase partir do seus propios usos lingüísticos), exemplo preciso dunha metodoloxía que persigue a súa formación integral. Polo tanto, o uso de calquera recurso metodolóxico debe ir dirixido a participación diaria do alumnado no proceso educativo. Debemos traballar recursos dixitais: materiais interactivos, internet, pizarra dixital, etc. Estas consideracións metodolóxicas especifícanse na actividade educativa para desenvolver diariamente na aula:

- Exposición clara, sinxela e razoada dos contidos conceptuais, cunha linguaxe adaptada á do alumnado e que, simultaneamente, contribúa a mellorar a súa expresión oral e escrita.
- Tratamento dos contidos de forma que leven a unha aprendizaxe comprensiva e significativa que potencie o logro das competencias clave.
- Fomento dunhas actitudes que propicien no alumnado a asunción dos valores propios dun sistema democrático.

### **6.3. Estratexias metodolóxicas**

Serán varias as estratexias metodolóxicas que se seguirán nos distintos cursos e todas elas irán encamiñadas a potenciar unha metodoloxía activa, participativa, autoavaliabile e motivadora. Seguiranse as seguintes estratexias:

- Actividades que permitan coñecer as ideas previas que o alumno ten ao redor dos contidos que se van a tratar.
- Exposición por parte do docente dos contidos, procurando facilitar a súa comprensión e amenidade.
- Lectura e comprensión de textos. Traballarase fundamentalmente con lecturas que figuran nos libros de texto, respondendo posteriormente a preguntas sobre a súa comprensión e interpretación, procurando iniciarse nos cursos máis altos no comentario de textos de maneira dirixida. Ademais, inclúense unha serie de lecturas de carácter obrigatorio sobre as que se traballará para posteriormente enfrontarse a unha proba de comprensión da devandita lectura.
- Traballos en clase sobre distintos tipos de texto, dependendo do curso, con actividades dirixidas.
- Traballo práctico individual, coa elaboración de diferentes tipos de texto.
- Elaboración e corrección de exercicios relacionados coa parte gramatical.
- Exposicións orais sobre algún tema de interese ou literario, que previamente deberon ser elaborados buscando información en diferentes fontes.
- Elaboración de resumos e/o esquemas.
- Fichas de autoavaliación e coevaluación.

## **7. Materiais e recursos didácticos**

Na materia de Lingua castelá e Literatura de 2º ESO, contarase como volume de referencia co libro de texto *Lengua castellana y Literatura*, da editorial Casals (2016). Polo que respecta á mesma materia para 4º ESO, empregarase principalmente o manual *Lengua y Literatura. Serie Comenta*, da editorial Santillana (2016). Ademais, a docente complementará estes materiais con outros recursos alternativos: apuntamentos proporcionados ao alumnado pola profesora, ferramentas TIC e audiovisuais, dicionarios, prensa escrita e dixital, obras de lectura, recursos en liña e o caderno de traballo dos estudantes.

## **8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción**

Os criterios de avaliación, titulación e promoción seguirán o estipulado polos novos aspectos recolleitos na publicación do Real Decreto 217/2021 o día 30 de marzo de 2022.

## **8.1. Criterios de avaliación**

### **8.1.1. Criterios de avaliación en 2º ESO**

#### **Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.

B1.2. Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.

B1.3. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.

B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.

B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de maneira individual ou en grupo.

B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversacións espontáneas.

#### **Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.

B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.

B2.3. Buscar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.

B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.

B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.

#### **Bloque 3. Coñecemento da lingua**

B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.

B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.

B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.

B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan á palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.

B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.

B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.

B3.7. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recesións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.

B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### **Bloque 4. Educación literaria**

B4.1. Ler fragmentos e obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, mostrando interese pola lectura.

B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cinema, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.

B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de pracer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.

B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

### **8.1.2. Criterios de avaliación en 4º ESO**

#### **Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar**

B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.

B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.

B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.

B1.4. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente as producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (xestos, movementos, miradas, etc.).

B1.5. Valorar a lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.

B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de maneira individual ou en grupo.

B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.

B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.

#### **Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir**

B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.

B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos en diferentes soportes e formatos.

B2.3. Manifestar unha actitude crítica #ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.

B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.

B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.

B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.

B2.7. Valorar a importancia da lectura e a escritura como ferramentas de adquisición das aprendizaxes e como estímulo do desenvolvemento persoal.

### **Bloque 3. Coñecemento da lingua**

B3.1. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren determinadas categorías gramaticais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen, con especial atención a adxectivos, determinantes e pronomes.

B3.2. Recoñecer e explicar os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.

B3.3. Recoñecer e explicar o significado dos principais prefixos e sufijos, e as súas posibilidades de combinación para crear novas palabras, identificando os que proceden do latín e do grego.

B3.4. Identificar os niveis de significado de palabras ou expresións en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito onde aparecen.

B3.5. Usar correcta e eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para progresar na aprendizaxe autónoma.

B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.

B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.

B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para utilizalas nas súas producións orais e escritas.

B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.

B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada momento.

B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recesións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.

#### **Bloque 4. Educación literaria**

B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.

B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto de artes.

B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.

B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do autor, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.

B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.

## **8.2. Criterios de cualificación**

### **8.2.1. Criterios de cualificación en 2º ESO**

1.- Alcanzar os obxectivos didácticos.

2.- Asimilar os contidos programados.

3.- Especial atención:

- a) O esforzo, o traballo e a vontade por alcanzar un obxectivo.
- b) O interese e a actitude positiva en clase.
- c) A realización das actividades propostas e a puntualidade na súa entrega ou presentación.
- d) A participación activa en clase.
- e) As actitudes solidarias e de compromiso cívico responsable.
- f) Os métodos de traballo e estratexias empregadas.
- g) A utilización da terminoloxía propia da materia.
- h) A recollida e o procesamento da información.
- i) O uso do dicionario.
- j) O desenvolvemento do hábito da lectura.
- k) A orixinalidade e profundidade reflexiva na produción de textos.
- l) A coherencia, corrección gramatical e ortográfica, propiedade e riqueza na expresión oral e escrita.
- m) A limpeza, orde e boa presentación nos traballo escritos.



4.- A cualificación correspondente á 1ª, 2ª e 3ª avaliación obterase do seguinte modo:

a) As probas escritas acadan un valor do 70 % da nota total, distribuídas do seguinte xeito: realizaranse dous exames arredor dos distintos bloques de contidos impartidos en cada unha das tres avaliacións que suporán un total do 50% da nota (valerán, polo tanto, un 25% cada un) e un control de lectura que versará sobre o contido e a forma da obra de lectura obrigatoria seleccionada para cada avaliación, que constituirá o 20% restante.

b) Traballos, exercicios, actividades, exposicións orais e proxectos: valor do 30%, que quedarán organizados do seguinte modo: a exposición oral trimestral que o alumnado realizará de xeito individual arredor dun tema de carácter argumentativo, académico, gramatical ou literario que a profesora asignará ao alumnado suporá un 10%; mentres que o deseño e elaboración de outras tarefas ou proxectos individuais ou colectivos que sexan encomendados aos estudantes constituirá o 20% restante.

Os traballos, exercicios, exposicións, proxectos e actividades deben ser realizados correctamente, seguindo as indicacións proporcionadas pola docente e entregados dentro do prazo sinalado (non se admitirán fóra de prazo).

As faltas de coherencia, cohesión, corrección gramatical, ortográfica e de puntuación suporán unha penalización de ata un máximo de un punto, restando 0,1 por cada unha delas.

A cualificación da avaliación final será o resultado de realizar a media entre as tres avaliacións anteriores, que terán a mesma carga numérica na ponderación desta nota final. Non obstante, se a nota obtida na terceira avaliación fose superior á media resultante do curso, a docente podería considerar a conveniencia de manter a máis alta cando esta reflecta unha avaliación continua dos contidos progresivos. Contribuirán tamén positivamente a manter esa cualificación máis elevada as actividades que realice o alumnado cos tres trimestres superados nese periodo comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Certamente, estes estudantes adicaranse nesas semanas a facer actividades de

ampliación na materia relacionadas en xeral cos catro bloques daquela; especialmente coa “Comunicación escrita” e coa “Educación literaria”.

No caso de que un alumno non superase a materia, deberá presentarse a un exame global de recuperación en xuño. Tendo en conta que a materia ten dúas partes ben definidas, a docente poderá estudar a posibilidade de que o alumno só se presente a aquela que non superase globalmente. Neste caso, a nota final será a resultante da media entre a parte ordinaria e o exame de recuperación. Ao mesmo tempo, poderá estudarse a opción de, se só ten un ou dous exames suspensos na parte de Literatura, realice unicamente aquel en que non alcanzase unha puntuación suficiente. Neste caso, faríase a media cos exames ordinarios, excluindo o suspenso e engadindo o de recuperación. Ademais, o docente poderá considerar a posibilidade de que un estudante, a pesar de superar a materia, se presente a esta recuperación para poder mellorar a súa media.

Polo que respecta ao **período comprendido entre a terceira avaliación e a final**, no caso do alumnado que teña suspensa parte ou a totalidade da materia, realizarase traballo específico daqueles bloques de contidos nos que amose dificultades, mediante a realización de actividades variadas de reforzo e dun exame de recuperación final. Pola súa parte, os estudantes que superasen a materia realizarán tarefas de ampliación e afondamento especialmente enfocadas á elaboración de textos de diversa tipoloxía, nos que terá moita cabida a creación literaria. Ademais, contarán coa posibilidade de presentarse a un exame global para subir nota na avaliación final.

### **8.2.2. Criterios de cualificación en 4º ESO**

- 1.- Alcanzar os obxectivos didácticos.
- 2.- Asimilar os contidos con especial atención a:
  - a) O esforzo, o traballo e a vontade por alcanzar un obxectivo.
  - b) O interese e a actitude positiva en clase.
  - c) A realización das actividades propostas e a puntualidade na súa entrega ou presentación.
  - d) A participación activa en clase.
  - e) O hábito de preguntar cando non se entenda algo.
  - f) As actitudes solidarias e de compromiso cívico responsable.

- g) Os métodos de traballo e estratexias empregadas.
- h) A utilización da terminoloxía propia da materia.
- i) A recollida e o procesamento da información.
- j) O uso do dicionario.
- k) O desenvolvemento do hábito da lectura.
- l) A orixinalidade e profundidade reflexiva na produción de textos.
- m) A coherencia, corrección gramatical e ortográfica, propiedade e riqueza na expresión oral e escrita.
- n) A limpeza, orde e boa presentación nos traballos escritos.

3. A cualificación correspondente á 1ª, 2ª e 3ª avaliación obterase do seguinte modo:

a) As probas escritas acadan un valor do 80 % da nota total, distribuídas do seguinte xeito: realizaranse dous exames arredor dos distintos bloques de contidos impartidos en cada unha das tres avaliacións que suporán un total do 60% da nota (valerán, polo tanto, un 30% cada un) e un control de lectura que versará sobre o contido e a forma da obra de lectura obrigatoria seleccionada para cada avaliación, que constituirá o 20% restante.

b) Traballos, exercicios, actividades, exposicións orais e proxectos: valor do 20%, que quedarán organizados do seguinte modo: a exposición oral trimestral que o alumnado realizará de xeito individual arredor dun tema de carácter argumentativo, académico, gramatical ou literario que a profesora asignará ao alumnado suporá un 10%; mentres que o deseño e elaboración de outras tarefas ou proxectos individuais ou colectivos que sexan encomendados aos estudantes constituirá o 10% restante.

Os traballos, exercicios, exposicións, proxectos e actividades deben ser realizados correctamente, seguindo as indicacións proporcionadas pola docente e entregados dentro do prazo sinalado (non se admitirán fóra de prazo).

As faltas de coherencia, cohesión, corrección gramatical, ortográfica e de puntuación suporán unha penalización de ata un máximo de dous puntos, restando 0,2 por cada unha delas.

A cualificación da avaliación final será o resultado de realizar a media entre as tres avaliacións anteriores, que terán a mesma carga numérica na ponderación desta nota final. Non obstante, se a nota obtida na terceira avaliación fose superior á media resultante do curso, a docente podería considerar a conveniencia de manter a máis alta cando esta reflicta unha avaliación continua dos contidos progresivos. Contribuirán tamén positivamente a manter esa cualificación máis elevada as actividades que realice o alumnado cos tres trimestres superados nese periodo comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. Certamente, estes estudantes adicaranse nesas semanas a facer actividades de ampliación na materia relacionadas en xeral cos catro bloques daquela; especialmente coa “Comunicación escrita” e coa “Educación literaria”.

No caso de que un alumno non superase a materia, deberá presentarse a un exame global de recuperación en xuño. Tendo en conta que a materia ten dúas partes ben definidas, a docente poderá estudar a posibilidade de que o alumno só se presente a aquela que non superase globalmente. Neste caso, a nota final será a resultante da media entre a parte ordinaria e o exame de recuperación. Ao mesmo tempo, poderá estudarse a opción de, se só ten un ou dous exames suspensos na parte de Literatura, realice unicamente aquel en que non alcanzase unha puntuación suficiente. Neste caso, faríase a media cos exames ordinarios, excluindo o suspenso e engadindo o de recuperación. Ademais, o docente poderá considerar a posibilidade de que un estudante, a pesar de superar a materia, se presente a esta recuperación para poder mellorar a súa media.

Polo que respecta ao **período comprendido entre a terceira avaliación e a final**, no caso do alumnado que teña que suspensa parte ou a totalidade da materia, realizarase traballo específico daqueles bloques de contidos nos que amose dificultades, mediante a realización de actividades variadas de reforzo e dun exame de recuperación final. Pola súa parte, os estudantes que superasen a materia realizarán tarefas de ampliación e afondamento especialmente enfocadas á elaboración de textos de diversa tipoloxía, nos que terá moita cabida a creación literaria. Ademais, contarán coa posibilidade de presentarse a un exame global para subir nota na avaliación final.

### **8.3. Criterios para a promoción do alumnado**

#### **8.3.1. Procedemento de recuperación das avaliacións pendentes previo á celebración da avaliación final ordinaria**

En 2º e 4º da ESO, se un alumno suspende un, dous ou tres trimestres en Lingua castelá e Literatura e a media aritmética das tres avaliacións resulta inferior a 5 puntos, terá que examinarse en xuño da parte que lle corresponda; é dicir, de un, dous ou mesmo dos tres trimestres. En efecto, os estándares de cada trimestre (contidos mínimos programados) serán obxecto de exame escrito para aqueles estudantes que se atopen nesta situación. Se nesa recuperación, o/a alumno/a suspende, a materia quedaralle pendente para o seguinte curso, no caso de que promocione. No caso de ter que realizar en xuño esa proba de recuperación dalgún dos trimestres, será empregada a calificación obtida nese exame (sempre e cando sexa superior) para calcular a nota final de curso. Polo contrario, se a calificación obtida en dita proba de recuperación é inferior á acadada no exame ordinario previo do trimestre, terase en conta para a nota global de curso a calificación que sexa superior.

Cando un alumno aprobe unha avaliación trimestral, poderá recuperar de xeito eficaz os contidos progresivos da anterior se a ten suspensa, en concreto os pertencentes aos bloques de “Comunicación oral”, “Comunicación escrita” e “Coñecemento da lingua”, relacionados no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño. Pola contra, non ocorre así cos contidos vencellados ao bloque de “Educación literaria”, claramente distintos en cada avaliación en todos os cursos e non progresivos.

Trala terceira avaliación parcial, será elaborado un breve informe de avaliación individualizado de cada alumno/a con algún trimestre da materia sen superar. Dito informe servirá de base para o deseño das actividades de recuperación, así como recollerá que bloques específicos da materia debe traballar o/a estudante a través de actividades de apoio e reforzo nese periodo posterior á terceira avaliación parcial e a avaliación final. Estas actividades axudaranlle a preparar o exame escrito ao que deberá presentarse en xuño.

## 9. Indicadores de logro para avaliar a ensinanza e a práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia				
4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación				
5. Adecuación da metodoloxía empregada				
6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados				
7. Adecuación das medidas de atención á diversidade				
8. Asociación dos estándares cos elementos transversais				
9. Adecuación dos criterios establecidos para avaliación				
10. Adecuación dos criterios establecidos para a calificación				
11. Adecuación dos criterios establecidos para a promoción				
12. Adecuación do deseño da avaliación inicial				
14. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación de materias pendentes				
15. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc.				
16. Contribución desde a materia ao Plan Lector do centro				
17. Contribución desde a materia ao Plan de Convivencia do centro				
18. Grao de integración das TIC no proceso de ensino da materia				
19. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso				

Despois de completar o cuestionario, reflexionárase sobre os resultados para tomar as medidas que se consideren oportunas. Para iso, tomárase como modelo o seguinte persoal:

ASPECTOS A CONSIDERAR		
Imprevistos	Fortalezas	Debilidades
Conclusiones		
	Aspectos positivos	Aspectos mellorables
Programación		
Actividades de aula		
Avaliación		
Atención á diversidade		

## **10. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes**

Os/as alumnos/as que teñan a materia de Lingua castelá e Literatura pendente terán que facer, ao longo do curso, unha serie de exercicios, probas e tarefas relacionados cos obxectivos mínimos do curso que teñen pendente e que lles serán facilitados pola profesora ao comezo de cada avaliación. Estes materiais serán supervisados e corrixidos pola xefa do departamento e deberán ser entregados puntualmente polo alumnado nas datas sinaladas. Os boletíns de exercicios completados integramente de forma correcta e entregados á docente dentro do prazo estipulado suporán un 25% da nota total. Ademais, o/a alumno/a deberá someterse a unha proba escrita por avaliación nas datas que estableza Xefatura de Estudos, que constituirá o 75% restante. No caso de que o alumnado non realice ou entregue as tarefas nas datas indicadas, deberá

superar as probas escritas cunha puntuación mínima de 5 puntos para poder aprobar a materia pendente.

<b>ESTÁNDARES MÍNIMOS 2ºESO</b>
LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.
LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.
LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instructivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.
LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.
LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.
LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominales) e léxicos (elipsis e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contidos do texto.
LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos histórico-literarios ata a actualidade.

<b>ESTÁNDARES MÍNIMOS 4ºESO</b>
LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e de expansión.
LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instructivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.
LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semánticamente.
LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instructivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.
LCLB3.1.1. Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
LCLB3.2.1. Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.
LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintácticamente e semánticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan ao redor dela.
LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, sustantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.
LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.
LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.
LCLB4.4.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.



## **11. Deseño da avaliación inicial e medidas adoptadas en función dos resultados**

A avaliación inicial é un proceso encomendado colectivamente a todo o equipo docente do grupo, que se reunirá ao longo do mes de outubro. O coñecemento por parte de todo o profesorado do nivel competencial do alumno é fundamental para despois orientar o proceso de ensino-aprendizaxe (metodoloxía, atención á diversidade,...) e poder alcanzar un nivel óptimo de adquisición dos estándares de aprendizaxe de cada área e das competencias clave.

O breve período de tempo de que se dispón condiciona a avaliación inicial, pero, na medida do posible, procurarase ter un informe individual de cada alumno coas destrezas e puntos débiles que este posúe, detectadas a través de diversos procedementos como a observación na aula, a lectura en voz alta, follas de autoavaliación e probas escritas para valorar a comprensión oral e escrita, a expresión escrita e o seu grao de coñecementos arredor da reflexión gramatical e a educación literaria.

Unha vez realizadas ditas probas e tras a reunión de avaliación inicial, tomaranse as medidas que se crean oportunas (explicación e práctica dos aspectos máis deficitarios, posibles alteracións na programación que quedarán reflectidas nas actas do Departamento...) para atender as necesidades de cada alumno, ou a nivel colectivo de clase.

## **12. Medidas de atención á diversidade**

O tratamento da diversidade debe producirse desde o momento en que se detectan os distintos niveis de coñecementos, actitude e necesidades dos alumnos. Para iso, desde o Departamento de Lingua castelá, a atención á diversidade contemplarase desde a programación, na metodoloxía e nos materiais utilizados.

Desde a programación, establécese un grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, xa que non todos os alumnos teñen o mesmo ritmo de aprendizaxe nin o mesmo grao de adquisición dos estándares. Establécese, ademais, mecanismos de recuperación dando oportunidade a quen non adquiriu os mínimos inicialmente.

En casos de atención a necesidades educativas especiais, levarán a cabo, xunto co Departamento de Orientación, as correspondentes medidas de atención á diversidade que propón a Administración Educativa: agrupamentos específicos, reforzos, adaptacións curriculares significativas, apoio educativo, PMAR...

En canto á adaptación na metodoloxía, realizaranse actividades de consolidación para garantir a correcta adquisición de contidos; reforzo para aqueles cuxo nivel de adquisición dun contido non sexa suficiente; ou actividades de ampliación para aqueles alumnos cuxo ritmo de aprendizaxe sexa maior.

Por outra banda, utilizaranse materiais e recursos variados, atendendo ás diferentes necesidades dos/as alumnos/as.

Finalmente, débese facer mención do seguimento específico do alumnado repetidor. Para poder facer un seguimento correcto da materia e procurar que se desenvolvan todas as competencias e se adquiran correctamente os contidos, expóranse tamén actividades de reforzo, e de ser así, de ampliación, que se lle entregarán ao alumno/a para que complete de forma progresiva e continuada ao longo das avaliacións. De todo iso levarase conta nunha ficha de seguimento que se creará de forma específica para ese alumnado.

### **13. Concreción dos elementos transversais en cada curso**

Un dos obxectivos fundamentais do sistema educativo é o de proporcionar ao alumnado unha formación que contribúa ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada e transmitir uns valores que fagan posible a vida en sociedade. Estes valores conlevarán unha toma de posición libre e solidaria ante os problemas básicos de convivencia nunha sociedade axiológicamente plural. É por iso que desde todas as materias debemos facer referencia aos temas transversais agrupados en: educación cívica, educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas discapacitadas, educación para a paz, educación para a saúde, seguridade viaria e educación do consumidor.

Estes temas transversais podemos tratalos en Lingua castelá da seguinte maneira:

- **Educación cívica: (EN TODOS OS NIVEIS)** inculcaremos nos alumnos a importancia da receptividade, interese e respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral. A comunicación humana permítenos apreciar a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua. Axuda tamén a coñecer outras formas de comunicación das que se valen algunhas persoas para superar a súa discapacidade e convidarnos a compartir con elas nosas vivencias. Pretende, ademais, formar hábitos de convivencia que reforcen os valores de xustiza, solidariedade, cooperación ou respecto pola natureza.

- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos e a prevención da violencia de xénero ou contra persoas discapacitadas: (EN TODOS OS NIVEIS)** co estudo do xénero de determinados nomes, sobre todo os relativos a profesións, cargos ou oficios, reflexionaremos sobre unha actitude sexista que debemos combater e cambiar. Fomentaremos unha actitude crítica ante determinacións sociais que regulan os usos orais/escritos e ante expresións da lingua oral/escrita que supoñen unha discriminación sexual. Analizaremos condutas de desigualdade a partir de análises críticas de textos.

- **Educación para a paz: (EN TODOS OS NIVEIS)** a partir de certos textos actuais ou da literatura, poderemos incidir na convivencia pacífica entre culturas e na non discriminación de persoas polo seu nacemento, raza ou relixión.

- **Educación para a saúde: (EN TODOS OS NIVEIS)** abordaremos a través de lecturas (artigos xornalísticos, fragmentos extraídos de libros, análises de anuncios publicitarios, publicacións de internet) temas sobre trastornos e hábitos alimenticios, así como prácticas saudables que melloren a calidade de vida. Realizaremos análises críticas sobre estes temas nos que manifesten a súa propia opinión e reflexionen sobre a incidencia de substancias nocivas na saúde, e sobre como levar un tipo de vida saudable.

- **Educación para a seguridade viaria: (NA ESO)** co estudo dos signos lingüísticos, abordaremos a convencionalidade e interpretación dos sinais de tráfico. A partir de lecturas nas que se trate este tema, incidiremos na importancia de respectar a sinalización viaria.

- **Educación do consumidor: (CUARTO ESO)** partindo dunha análise dos medios de comunicación, da publicidade e os seus mecanismos, dotaremos ao alumnado dunha capacidade crítica ante o consumismo. Ao abordar a

tipoloxía textual, poñeremos ao seu alcance ferramentas útiles para reclamar os seus dereitos como consumidores no caso en que se vexan vulnerados.

#### **14. Actividades complementarias do departamento**

Desde o Departamento, e sempre en colaboración tanto con Xefatura de Estudos como co equipo de Dinamización da lingua galega, Biblioteca, Orientación, Actividades extraescolares ou con calquera outro departamento ou etapa, tratarase de potenciar e colaborar con todas aquelas actividades culturais, grupos de traballo, propostas... directamente relacionadas coa materia e que fomenten o interese entre o alumnado pola lingua e a literatura. Por iso, na medida do posible, procurarase a asistencia a actos como encontros con autores, conmemoracións, conferencias, representacións teatrais, visitas guiadas, exposicións...

#### **15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora**

A programación didáctica do curso chegará ao alumnado e ás súas familias a través de dous medios:

a) o profesorado lerá ou entregará aos alumnos ao principio de curso un guion cos puntos esenciais da programación: obxectivos mínimos, criterios de avaliación e cualificación, materiais didácticos e medios de recuperación.

b) a programación estará ao dispor da comunidade educativa na páxina web do centro.

A programación será obxecto de avaliación e poderá sufrir algunha modificación en beneficio do proceso educativo e con vistas á mellor consecución dos obxectivos. Tales modificacións, debidamente xustificadas, deberán figurar nunha acta do departamento e recolleranse na memoria final do curso.

A avaliación da programación farase a través dos indicadores de logro que avalían o proceso de ensino e a práctica docente. A análise disto e dos resultados académicos, realizada nas reunións de departamento ao longo do curso e cuxo contido quedará reflectido no libro de actas, pode supoñer a modificación de aspectos da programación, tanto a nivel de obxectivos, como de

metodoloxía ou recursos, procurando achegar cambios que supoñan unha mellora.

Tomaremos, por tanto, para a avaliación da programación a seguinte táboa:

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	SI	NON
1. A programación didáctica foi elaborada de forma coordinada.		
2. A programación didáctica específica e completa as decisións tomadas na concreción do currículo dentro do proxecto educativo de centro.		
3. Os criterios de avaliación da programación cumpren a función de comprobar que se alcanzaron os estándares a través dos contidos propostos.		
4. Os procedementos de avaliación axústanse aos criterios de cualificación.		
5. A programación ten en conta os coñecementos e aprendizaxes básicos necesarios para aprobar a materia.		
6. As actividades programadas son coherentes coa metodoloxía e o currículo oficial.		
7. A metodoloxía empregada favorece o desenvolvemento dunha actitude positiva e activa do alumnado e ten en conta os seus intereses.		
8. A programación didáctica prevé os recursos (humanos e materiais) necesarios para levala a cabo.		
9. A programación didáctica ten en conta os espazos e o tempo das actividades previstas.		
10. Desenvolvéronse os elementos comúns previstos na programación didáctica.		
11. Contémplanse as actividades de recuperación da materia pendente de cursos anteriores.		
12. A programación contempla as medidas de atención á diversidade.		
13. A programación é consultada ao longo do curso e, en caso necesario, anótanse ou inclúense as modificacións oportunas.		

14. Na programación, téñense en conta as oportunidades que ofrece o contexto.		
---	--	--

Ademais, a finais de curso, e co obxectivo de avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, o alumnado realizará unha enquisa con preguntas variadas que permitan colixir información abonda para analizar aqueles procesos citados.

Cuestionario de evaluación Curso: ..... Grupo: .....

1.- Valora esta materia (de 0 a 10) según lo que te guste y te interese		Razones:				
2.- Crees que han aprendido	Nada	algo	Poco	bastante	Mucho	Porque...
3.- La materia te ha resultado	Muy difícil	difícil	Normal	Fácil	Muy fácil	Porque...
4.- Tu rendimiento ha sido	Nulo	escaso	suficiente	alto	Muy alto	Porque...
5.- Has trabajado	Nada	poco	Lo justo	bastante	Mucho	Porque...
6.- Consideras que las explicaciones del Profesor/Profesora fueron	Muy malas	malas	Normales	buenas	Muy buenas	Porque...
7.- Las relaciones y el trato con el Profesor/Profesora fueron	Muy malas	malas	Normales	buenas	Muy buenas	Porque...
8.- Crees que has sido evaluado, según tus conocimientos y esfuerzo	Muy mal	mal	Regular	bien	Muy bien	Porque...
9.- Has recibido por parte del Profesor/Profesora en todo momento unas instrucciones	a) Insuficientes b) Suficientes, pero mejorables c) Amplias, detalladas y precisas					
10.- Con respecto a los exámenes y pruebas propuestos (Indica SÍ o NO en cada casilla)	a) Fuiste informado con tiempo suficiente para prepararlos b) Su contenido y dificultad se ajustó a la materia trabajada en clase durante la evaluación c) Se te entregaron corregidos y evaluados conforme a los criterios establecidos con anterioridad					

11.- Indica cuáles de los aspectos trabajados durante el curso te resultaron más difíciles de asimilar		Porque...
12.- Indica las sugerencias que estimes oportunas para mejorar tu rendimiento en esta materia	Qué crees que deberías hacer tú	Qué crees que debería hacer el Profesor/Profesora
VALORA DE 0 A 10 LAS OBRAS DE LECTURA OBLIGATORIA e indica las razones de tu valoración:		
Título de la obra	Valoración	Razones

En Laxe, a 11 de septiembre de 2022.

Ana María Porteiro Chouciño